

BAREMO PROCESO DE ADMISIÓN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

CEIP SERRA VINCIOS

EXISTENCIA DE IRMÁNS NO CENTRO: *Para a consideración do criterio de irmás e irmáns matriculadas/os no centro, só se terán en conta as/os que vaian continuar escolarizadas/os nel durante o curso escolar para o que se solicita a admisión. Consideraranse os escolarizados no centro adscrito (CEIP) ou no de adscrición (IES) no nivel inmediato superior.*

* Por un/unha irmá/án matriculado no centro	8 puntos
---	-----------------

* Polo 2º e seguintes irmáns matriculados no centro	2 puntos cada un
---	-------------------------

* Por irmáns nados dun parto múltiple, outorgaráselle a cada un/unha delas/deles a puntuación prevista para unha irmá ou irmán matriculados no centro, sempre que soliciten o mesmo centro e o domicilio familiar estea na mesma área de influencia do centro.

POR SER TRABALLADOR DO PROPIO CENTRO: *Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Considerarase traballador do propio centro só a persoa que preste servizos no centro solicitado, non en centro adscrito ou de adscrición e sempre que non estea previsto o remate da relación no curso escolar para o que se solicita a admisión.*

* Por nai, pai, titores ou titores legais que traballen no centro	3 puntos
---	-----------------

POR PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR AO CENTRO: (domicilio e lugar de traballo non suman) *O domicilio familiar acreditarase mediante certificación do Padrón municipal no que figuren: domicilio familiar, os membros da unidade familiar que conviven nel e a data de alta no domicilio que deberá ter unha antigüidade mínima de **1 ano**. O certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión. De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.*

* Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	6 puntos
---	-----------------

* Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos
---	-----------------

POLA PROXIMIDADE DO LUGAR DE TRABALLO AO CENTRO: (domicilio e lugar de traballo non suman) *Certificado do titular da empresa ou do responsable de persoal (para traballadores por conta allea). Copia do contrato laboral (para traballadores por conta allea). Alta censal inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con modificacións posteriores (para traballadores por conta propia). Alta na Tesorería Xeral da Seguridade Social (para traballadores por conta propia). Certificado da Xefatura de persoal correspondente (para funcionarios).*

* Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
---	-----------------

* Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 puntos
--	-----------------

POLA RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR: *Autorización do pai e nai ou titores legais á Administración Educativa para solicitar os datos fiscais da unidade familiar á Axencia Tributaria (asinada coa solicitude de admisión). De non formularse esta autorización, a solicitude valorarase con **0 puntos** para este criterio. Debe constar a Renda da familia e o número de membros da unidade familiar. Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas da base imponible xeral e da base imponible do aforro da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano anterior; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro do presente ano. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano da declaración da renda.*

* Se é inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
-------------------------------------	-----------------

* Se é igual ou superior a 0,5 veces e inferior a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
--	-----------------

* Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	1 punto
---	----------------

* Se é igual ou superior ao IPREM	0 puntos
-----------------------------------	-----------------

POR TIPO DE FAMILIA:	
* Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
* Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
* Por familia monoparental: <i>Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas. A efectos da certificación de recoñecemento debe ser solicitada ao seguinte servizo: <u>Dirección Xeral de Familia e dinamización demográfica, Subdirección Xeral de Política familiar, Servizo de protección de menores, San Caetano (Santiago de Compostela). Tlf: 881999011 – proteccionmenores@xunta.gal</u></i>	2 puntos
POR DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%: <i>recoñecida antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Esta circunstancia acreditarase mediante a certificación do grao de minusvalía derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta, expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais achegarase informe dos servizos sociais oficiais competentes que acrediten as circunstancias alegadas (puntuac. max. 4 puntos).</i>	
* Do alumno/a	4 puntos
* Da nai, pai ou titor legal	3 puntos cada un
* Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno/a	1 punto cada un
POR CRITERIOS COMPLEMENTARIOS:	
* <i>Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión: "UBICACIÓN DO DOMICILIO FAMILIAR NO CONCELLO DE GONDOMAR"</i>	1 punto

PRAZOS BAREMACIÓN: Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de **10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, para presentar, de forma presencial no centro, a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante.** Non obstante, **consultaranse de forma automática** a través de admisionalumnado (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar os datos relativos a:

- Domicilio fiscal e renda per cápita da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Discapacidade do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns recoñecida pola Xunta de Galicia.

CRITERIOS A SEGUIR EN CASO DE EMPATE:

Os empates de resolverán atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo á seguinte orde de prelación:

- Existencia de irmáns matriculados no centro.
- Nai, pai ou titores que traballen no centro.
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo da nai, pai ou titores.
- Renda anual per cápita da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Condición de familia monoparental.
- Concorrenza de discapacidade no alumno, na nai, pai ou titores ou nalgún irmán.
- Criterio establecido polo centro educativo.

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que realizará anualmente a Consellería a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes.